

## SEGURO 6-16 XOGADE - 2022

Recén comezada a nova tempada, queremos informar aos clubs con menores sobre certos aspectos moi importantes con respecto ao programa [XOGADE](#) e a cobertura do seguro:

**1- LISTAXES MENORES FEDERADXS POR CLUB:** Na plataforma XOGADE xa están subidos os datos dxs menores con dereito ao seguro Xogade, é dicir, aquelas persoas coa licencia do ano 2022 formalizada.

**2- PLATAFORMA XOGADE:** Cada club debe enviar solicitude de acceso á PLATAFORMA XOGADE que debe ser aprobada pola nosa Federación [[enlace](#) coas indicacións ou ler páx 31-35 do "[Manuel do usuario XOGADE](#)"]. So cando sexa aprobada a solicitude o club poderá ver os datos das persoas participantes e usar as accións dispoñibles (busca, exportar, xerar carné, accidentes...).

Cando xa o club acceda, é moi importante comprobar que todos os **datos** son correctos e, no caso, avisar se detectades algunha incidencia. (O seguro non se fai cargo dos gastos dun accidente se os datos non coinciden exactamente cos do DNI da persoa).

**3- AUTORIZACIÓN DATOS EN XOGADE.** É requisito indispensable que os clubs teñan a autorización da subida dos datos dxs menores federados no seu club. Adxuntamos o modelo que debe ser cuberto e asinado polas familias e entregado aos clubs que gardarán e custodiarán esas autorizacións.

**4- ALTAS-BAIXAS** Cando algún/ha menor se dea de **baixa**, de **alta** ou cambie algún dato relevante cómpre informar á FEGADO ([fegado.escolareuniversitario@gmail.com](mailto:fegado.escolareuniversitario@gmail.com)) o antes posible.

**5- CARNÉS:** Unha vez feitos todos os pasos anteriores, cómpre que cada club xere os **carnets** Xogade e entregalos. É importante que as familias os teñan no seu poder de cara á tramitación de partes en caso de accidente.

**6- PROBAS NO ESTRANXEIRO:** Como xa vos informamos, para que o seguro XOGADE sexa valedeiro para calquera actividade de orientación federada que se faga no estranxeiro cómpre cubrir o formulario "**notificación desprazamentos**" e mandarllo a [deporte.escolar@xunta.gal](mailto:deporte.escolar@xunta.gal) o máis tardar ao día seguinte ao peche de inscricións adxuntando os documentos que se solicitan e con copia á [fegado.escolareuniversitario@gmail.com](mailto:fegado.escolareuniversitario@gmail.com). De non facelo (en tempo e forma), as persoas participantes a estas probas no estranxeiro non estarán cubertas polo seguro XOGADE 6-16.

**7-** Non esquezades reler o novo protocolo de actuación no caso de accidentes. Tamén tendes a información na propia plataforma Xogade.

Moitas grazas pola vosa colaboración.

Xaneiro 2022

Vocalía de Orientación Escolar e Universitaria